

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE 3º DE ESO (2023-24)

Os criterios de cualificación por avaliación serán os seguintes:

| 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN |
|--|--|--|
| Exposición oral non planificada 5% | Exposición oral non planificada 5% | Exposición oral non planificada 5% |
| Exposición oral planificada 10% | Proba sobre o libro de lectura 15% | Proba sobre o libro de lectura 15% |
| Proba sobre o libro de lectura 15% | Traballo realizado na casa e na clase recollido no caderno do alumno/a:10% | Traballo realizado na casa e na clase recollido no caderno do alumno/a:10% |
| Traballo realizado na casa e na clase recollido no caderno do alumno/a:10% | Exame 70% | Exame 70% |
| Exame 60% | | |

Os traballos serán avaliados mediante rúbricas ou escalas de valoración que se lle darán a coñecer ao alumnado antes da súa realización. En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta.

Das cualificacións dos traballos e probas escritas e mais dos exames restarase ata 1 punto por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros moi graves (non uso de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos) descontarán 0,1 cada un e o resto 0,1 cada 2 erros. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos).

Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, anularíase a pregunta copiada ou a totalidade da proba, segundo corresponda.

O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea documental e debidamente xustificada.

A nota de cada avaliación calcularase sumando os distintos elementos avaliados, debidamente ponderados. A nota final calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Ademais esta media poderá aumentarse ata un 0,5 coa avaliación dunha lectura voluntaria previamente establecida.

Recuperacións

Con carácter xeral, a recuperación da/s avaliación/s suspensa/s realizarase ao inicio do seguinte trimestre para a 1ª e a 2ª e antes da avaliación final no caso da 3ª.

Existirán dous tipos de probas de recuperación e realizaranse ambas ou unha delas segundo corresponda en cada caso: unha proba de recuperación de lectura e unha proba escrita que recolla os demais contidos do trimestre. A proba de lectura computará o 15% e a proba escrita o 85%.

Nestes supostos, a nota final calcularase novamente mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo, pero incorporando as novas cualificacións obtidas despois das recuperacións cando corresponda. Considerarase que se superou a materia cando se obteña unha nota media (sen redondeo) igual ou superior a 4,5 puntos.